**MARIA DE LOS ANGELES DOMÍNGUEZ RAMOS (1 para 2)**
Secretaria accidental
Data de Sinatura: 05/05/2025
HASH: c34dbb786ca8b776ebb9f96e095f767f
CONCELLO DE TUI

**ENRIQUE CABALEIRO GONZALEZ (2 para 2)**
Alcalde
Data de Sinatura: 05/05/2025
HASH: df687670d3390fddd28850623b583001
CONCELLO DE TUI

***DNA. MARÍA DE LOS ÁNGELES DOMÍNGUEZ RAMOS, SECRETARIA ACCIDENTAL DO EXCMO. CONCELLO DE TUI.***

***CERTIFICA:*** *Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 05/05/2025 e no seu punto FOD B) adoptou o seguinte acordo con teor literal que se indica:*

***" FOD B).- POR URXENCIA PREVIA RATIFICACIÓN. Expediente 2722/2023. Proposta aprobación bases reguladoras para concesión axudas de rehabilitación de edificios e vivendas. FASE 13- 2ª convocatoria.***

*Vista a proposta da Concelleira delegada de Patrimonio e conxunto histórico de data 03/05/2025, na que se recolle:*

***" N. Expediente: 2722/2023***

***BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PÚBLICA PARA SOLICITAR AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS, VIVENDAS NO ÁMBITO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI.***

***FASE 13ª – 2ª CONVOCATORIA.***

***Artigo 1. Obxecto das bases reguladoras e réxime das subvencións***

*O obxecto destas bases, de acordo do establecido no artigo 14 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG) é fixar os criterios para a concesión das subvencións previstas no Plan Estatal 2018-2021 (BOE 10/03/2018) para o programa de rexeneración e renovación urbana e rural recollidas no acordo da comisión bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018, e na Addenda para a modificación do acordo da comisión bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018, asinada o 13 de marzo de 2025, relativo á Área de Rexeneración e renovación urbana casco histórico de Tui, entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Tui dentro do seu ámbito de aplicación.*

*As subvencións concederanse polo procedemento de concorrencia competitiva a través de convocatoria pública, seguindo a orde de prelación que resulte da valoración prevista nas presentes bases, até esgotar o número de actuacións e/ou crédito dispoñible previsto nos respectivos convenios asinados.*

*En caso de non esgotar o número de actuacións e o crédito dispoñible previsto nesta convocatoria, poderá volver a abrirse un novo prazo de presentación de solicitudes, previa proposta motivada da oficina de rehabilitación e acordo da comisión avaliadora.*

***Artigo 2. Definicións***

*1Para os efectos do disposto nestas bases e convocatoria, os conceptos obxecto das bases e convocatoria serán interpretados de conformidade coas definicións establecidas no ordinal segundo da Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS), do 3 de agosto de 2018 (DOG nº156) e que a continuación se transcriben:*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 33

***a) Edificio de tipoloxía residencial colectiva**: edificio composto por máis dunha vivenda, cuxo uso predominante sexa o residencial e onde cada vivenda conte coa correspondente referencia catastral.*

***b) Vivenda unifamiliar:** vivenda situada nun edificio independente, cuxo uso predominante sexa o residencial e no cal non existe ningunha outra vivenda, e que conte coa correspondente referencia catastral. As vivendas unifamiliares poden ser illadas ou agrupadas en fila.*

***c) Residencia habitual e permanente dunha unidade de convivencia:** domicilio en que constan empadroados os integrantes desta.*

***d) Unidade de convivencia da persoa beneficiaria:** conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.*

***e) Persoa maior de 65 anos:** aquela que na data de presentación da solicitude teña feitos 65 ou máis anos.*

***f) Persoa con discapacidade:** interpretarase de conformidade co previsto no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.*

***Artigo 3. Principios xerais***

*A xestión das subvencións reguladas nestas bases e convocatoria realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexerase polas seguintes normas:*

*1. Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*2. Pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e polo R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e normas concordantes.*

*3. Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*4. Pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*6. Polo R. D. 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o PEV 2018-2021*

*7. Pola Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia*

*8. Polas bases de execución dos orzamentos do Concello de Tui.*

*9. Polas presentes normas.*

***Artigo 4. Carácter das axudas***

*As axudas previstas nestas Normas consistirán na subvención das actuacións a fondo perdido, o asesoramento técnico e, no seu caso, a elaboración da documentación técnica nos supostos definidos nestas bases e convocatoria, para a realización de obras de rehabilitación, conservación e mantemento das vivendas. Serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta, e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no artigo 8 das presentes bases e convocatoria.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 33

***Artigo 5. Crédito orzamentario***

*As axudas establecidas nestas Bases e Convocatoria resultarán imputadas á partida orzamentaria 2025.336.780.05.01 do orzamento do Concello de Tui, por importe de 69.658,22 (financiados 57.762,58 € polo Ministerio de Fomento e 11.895,64 € pola Comunidade Autónoma).*

***Artigo 6. Ámbito territorial***

*As disposicións destas bases e convocatoria resultan aplicables á Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui, declarada área de rehabilitación por resolución da Xunta de Galicia do 6 de setembro de 2001, sen prexuízo de que o devandito ámbito poida ser modificado ou ampliado logo da aprobación polo procedemento legalmente establecido.*

***Artigo 7. Regulación urbanística***

*1. Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán estar conformes coas determinacións do Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM) e Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Tui (en adiante PEPCHA) en vigor.*

*2. As edificacións en fóra de ordenación poderán recibir subvencións para actuacións de conservación e mantemento nos termos da normativa urbanística aplicable. No caso dos inmobles con expediente de reposición da legalidade aberto serán igualmente subvencionables as actuacións tendentes á superación da realidade urbanística alterada.*

*3. As actuacións obxecto da axuda deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicable en cada momento ou acadar a súa conformidade ao remate das obras obxecto das axudas.*

***Artigo 8. Actuacións subvencionables***

*As disposicións destas bases e convocatoria serán de aplicación ás seguintes actuacións:*

*1. Serán subvencionables as actuacións xerais de execución de obras ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente (artigo 51 do PEV 2018-2021), as actuacións de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas (artigo 36 do PEV 2018-2021) e as actuacións de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas (artigo 43 do PEV 2018-2021).*

*2. O custo de todas as actuacións subvencionables incluirá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar, derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificados. No custo total das obras non se incluirán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.*

*3. Con carácter xeral, e de acordo con establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.*

*4. 1. Cando as solicitudes entren no ámbito do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e cando o importe do gasto subvencionable supere as contías nel establecidas, para o contrato menor, a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 33

*compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.*

*4.2. Cando as solicitudes entren no ámbito da Lei 9/2017 de 8 de novembro (Contratos do Sector Público) estarase ao consignado na mesma.*

*A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse xunto coa solicitude, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.*

***Artigo 9. Condicións xerais dos inmobles e das obras***

*1. Non se subvencionarán actuacións en edificios e vivendas que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou acaída funcionalidade da rede de saneamento xeral, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.*

*2. Para a xustificación das actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas seguirase o recollido no artigo 36 do PEV 2018-2021, achegando a correspondente certificación enerxética tanto para vivendas unifamiliares como edificios, ao non establecer o PEV 2018-2021 a necesidade de que os edificios dispoñan de Informe de Avaliación de Edificios.*

*3. As actuacións en edificios e vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á accesibilidade, distribución interior, instalacións de saneamento e fontanería, electricidade, calefacción ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, illamento acústico, aforro enerxético, servizos hixiénicos e doutros servizos de carácter xeral.*

*4. As actuacións deberán contar co acordo da comunidade ou comunidades de propietarios de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización administrativa correspondente, cando sexa preceptiva.*

*5. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución.*

*6. As obras deberán executarse mediante técnicas e materiais que garantan a calidade construtiva e estética conforme á normativa vixente.*

*7. En ningún caso se subvencionarán elementos de moblaxe, electrodomésticos e elementos decorativos en xeral.*

*8. As obras proxectadas deberán contar con licenza municipal de obras ou de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas. Asemade, as obras que precisen de certificado final de obra, unha vez rematadas, deberán de acadar a preceptiva licenza de primeira ocupación.*

*9. Os inmóbeis deberán ter unha antigüidade maior de 10 anos, agás cando se trate de adaptacións para uso de persoas con mobilidade reducida ou cando as obras sexan necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicábel.*

*10. As obras con actuacións subvencionables poderán estar iniciadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2023.*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 33

***Artigo 10. Contía das axudas***

*1. O importe das axudas económicas previstas estableceranse sobre o orzamento protexido das obras a realizar co a contía máxima seguinte:*

***a) Subvención estatal:*** *serán o resultado de aplicar os dous límites de forma simultánea sinalados no cadro resumo elaborado coa propia regulación establecida nos artigos 47 e seguintes do PEV 2018-202, así como o criterio complementario do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, sendo as subvencións a menor das cantidades que resulte destes dous cálculos:*

| LÍMITE 1: % SOBRE CUSTO DA ACTUACIÓN | LÍMITE 2: IMPORTE UNITARIO POR VIVENDA |
|---|---|
| **40% SOBRE O CUSTO DA ACTUACIÓN** | Para obras de **conservación e accesibilidade** (artigos 51 e 43 do PEV) **8.000 €** |
| **75% SOBRE O CUSTO DA ACTUACIÓN** CANDO:<br>- Vivendas de unidades de convivencia residente teña **ingresos inferiores a 3*IPREM**<br>- Vivendas con **residentes discapacitados e obras de accesibilidade**<br>- Vivendas con **residentes maiores de 65 anos e obras de accesibilidade** | Para obras de **eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética** (Artigo 36 do PEV) **12.000 €** |
| | ´**+1.000 €** en inmobles BIC (esta cantidade suma por riba dos límites) |
| | ´**+120 €/m2** de local comercial (esta cantidade suma por riba dos límites) |
| | ´**+130 €/m2** de local comercial en inmobles BIC (esta cantidade suma por riba dos límites) |

*2Deste xeito, segundo o cadro resumo anterior e de conformidade co ordinal décimo sétimo da Resolución do IGVS, de 3 de agosto de 2018 (DOG nº 156) e ordinal cinco da Resolución do IGVS, de 31 de maio de 2019 (DOG nº108), as contías das axudas son:*

> ***a.1)*** *Establécese unha* ***subvención xeral do 40% do orzamento protexido****, entendendo este como o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do R.D. 106/2018, que non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan (ordinal décimo quinto da Resolución do IGVS do 3 de agosto). Esta* ***porcentaxe máxima poderá ser do 75%*** *se os ingresos da unidade de convivencia son inferiores a 3 veces o IPREM ou se existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos e se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade.*
>
> ***a.2)*** *En calquera caso,* ***a contía máxima da subvención*** *por cada vivenda obxecto de rehabilitación na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Conxunto Histórico de Tui* ***non poderá exceder de 12.000 euros****, para os casos nos que se reduza a demanda enerxética establecida no artigo 36 do R.D. 106/2018, nin de 8.000 euros para o resto dos casos. No caso de edificios, incrementarase esta contía con 120 euros/m2 de superficie construída de local comercial ou outros usos. No caso de* ***edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados*** *ou que conten con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, incrementarase esta contía en* ***1.000 euros/vivenda e 10 euros/m2 de local comercial ou outros usos****.*
>
> *Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 33

***b) Subvención autonómica:*** *O IGVS con cargo aos seus orzamentos, subvencionará* ***ata 4.000 euros por vivenda*** *obxecto da actuación de rehabilitación,* ***sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido*** *de rehabilitación da vivenda ou do edificio.*

*2. A contía das axudas nunca poderá superar a cantidade fixada, con independencia das variacións á alza que se puidesen producir na execución das obras por variación nos prezos de referencia ou circunstancias non tidas en conta no momento da resolución do expediente.*

*O custo das obras non poderá exceder os custes medios de mercado que a tales actuacións correspondan, tendo como referencia as distintas partidas da base de datos da construción de Galicia ou a que se elabore dende a Oficina da ARI.*

*3. En caso de que o importe das obras realmente executadas fose inferior ao previsto inicialmente, producirase o axuste da subvención concedida ata o importe que corresponda en función dos custos subvencionables das obras realizadas.*

***Artigo 11. Orzamento protexible***

*1. Orzamento protexible será o resultante de aplicar os prezos unitarios da Base de datos da Construción de Galicia ao orzamento presentado. Excluiranse mobiliario, elementos decorativos, carpintarías de aluminio e forxados de formigón; agás informe favorábel da Oficina de Rehabilitación.*

*2. As actuacións protexibles incluirán, para os efectos da determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificados. No custo total das obras non se incluirán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.*

*3. O custo total subvencionable constituirá o orzamento protexido da actuación e non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións.*

*4. Non se establece contía mínima para o orzamento protexible.*

***Artigo 12. Persoas e/ou entidades beneficiarias.***

*1. Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias destas axudas:*

> ***a) As persoas físicas****, así como as persoas xurídicas de natureza privada, xa sexan propietarias de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva e das vivendas ubicadas nestes edificios.*
>
> ***b) As comunidades de persoas propietarias****, así como as agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.*
>
> ***c) As agrupacións de persoas propietarias.***
>
> ***d) As sociedades cooperativas*** *compostas por agrupacións de persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de división horizontal, así como por persoas propietarias que conforman comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 33

*__e) As persoas físicas arrendatarias__ dunha vivenda que asuman, en virtude dun acordo coa persoa arrendadora, o custo das actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda.*

*2. Para que as persoas físicas sexan beneficiarias deberán posuír a nacionalidade española. No caso das persoas estranxeiras deberán ter residencia legal en España.*

*3. As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.*

*4. Os concellos poderán ser beneficiarios das subvencións previstas para os gastos de mantemento dos equipos técnicos e das oficinas de información e de xestión e as previstas para actuacións de urbanización e reurbanización.*

*5. Para poder ser beneficiarios das subvencións autonómicas previstas para os gastos de mantemento dos equipos técnicos e das oficinas de información e de xestión, os concellos deberán ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais de cada exercicio.*

*6. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás cales se lles revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.*

*7. Cando a execución da actuación corresponda a varios/as beneficiarios/as, a axuda distribuirase en proporción ao custe asumido por cada un/unha. As persoas e/ou entidades beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.*

*8. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, non se atribuirá á dita propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se prorrateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.*

*9. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.*

***Artigo 13. Prazo de presentación***

*O prazo de presentación de solicitudes será de un mes dende o día seguinte á publicación das presentes bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

***Artigo 14. Información ás persoas interesadas***

*Sobre o procedemento de tramitación das axudas de acordo coas presentes bases, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Oficina de Rehabilitación do Concello de Tui no*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 33

*departamento de Urbanismo do Concello de Tui (Praza do Concello, s/n – Tui), ou a través dos seguintes medios:*

*- Na páxina webb do Concello de Tui no enlace http://tui.gal*

*- Consultas por mail: ari@tui.gal*

*- Para solicitar cita presencial ou telefónica: citasurbanismo@tui.gal ou no 607 355 841.*

***Artigo 15. Obrigas e condicións xerais que deben cumprir as persoas e/ou entidades beneficiarias***

*1. Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas e/ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:*

***a)*** *Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional, sen incorrer en graves incorreccións técnicas ou construtivas, segundo apreciación da unidade técnica da administración actuante na execución das obras.*

***b)*** *Colaborar coa Oficina da ARI no cumprimento das obrigas establecidas nas presentes bases, principalmente as referidas á verificación, seguimento e control das actuacións subvencionadas. Así mesmo, someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o concello e/ou o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.*

***c)*** *Comunicar á Oficina da ARI calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito: os cambios de titularidade, os traspasos, a subrogación, ou calquera outro cambio que se produza en relación á actividade obxecto da axuda.*

***d)*** *Xustificar ante a administración actuante o cumprimento dos requisitos e condicións esixidos, así como a realización da actividade que determina a concesión da subvención.*

***e)*** *Comunicar á administración actuante a obtención doutras axudas que financien a actuación subvencionada, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

*2. De conformidade co disposto no artigo 31 do Real Decreto 887 de 2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38 de 2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a persoa beneficiaria da subvención deberá dar a axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da actividade obxecto de subvención. Así, calquera actuación subvencionada deberá colocar en lugar visible dende á vía pública, un cartel segundo modelo que se estableza.*

*3. As demais que se deriven da Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018–2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, e pola que se convoca a participación neste programa para a anualidade 2019 (DOG nº108) e do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo relativos ao PEV 2018-2021.*

***Artigo 16. Normas xerais***

*1. A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación da correspondente convocatoria que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 33

*2. O procedemento realizarase mediante convocatoria aberta a través de resolucións anuais e conforme o establecido no artigo 59 do R.D. 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*3. A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.*

*4. As propostas serán realizadas por unha Comisión Avaliadora que estará integrada polo/a concelleiro/a responsable da ARI, da persoa técnica responsable da Oficina de Rehabilitación, e unha persoa técnica do departamento de urbanismo e xurídico do Concello, que actuará como relator/a da Comisión. Os/as titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da Comisión.*

*5. A persoa beneficiaria da subvención vén obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*6. A persoa beneficiaria da subvención vén obrigada a comunicar as circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.*

*7. O prazo para acordar a aprobación inicial da/s axuda/s será de cinco (5) meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique a resolución que poña fin ao expediente, a persoa interesada poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.*

***Artigo 17. Procedemento.***

*1. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación, por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*2. Poderanse presentar durante os prazos de vixencia dos convenios asinados entre o Concello de Tui e a Xunta de Galicia, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.*

*3. A persoa peticionaria deberá solicitar, mediante impreso normalizado (Anexo I), unha visita de inspección técnica previa á presentación da documentación técnica para a solicitude oficial das axudas. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polo persoal técnico da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar á persoa peticionaria sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.*

*4. Realizada a visita de inspección e o informe técnico por parte da oficina de rehabilitación, a persoa solicitante poderá:*

> ***a)*** *No caso de obras menores: solicitar da Oficina de Rehabilitación a prestación dos servizos de redacción da documentación precisa para a obtención de licenza e/ou comunicación previa. (Anexo II)*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 33

***b)*** *No caso de obras maiores: precisará técnico/a externo, que redactará o proxecto para a obtención da licenza de obras e levará a dirección facultativa. O persoal técnico da Oficina de rehabilitación porá a disposición a documentación da que conten, para facilitar a redacción do proxecto.*

***Artigo 18. Solicitude oficial de axuda e documentación***

*1. A persoa solicitante deberá presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado (Anexo III), segundo corresponda que irá acompañada da documentación especificada no apartado 2 do presente artigo.*
*2. Xunto coa solicitude oficial das axudas (Anexo III) deberá achegarse a seguinte documentación en copia simple:*

***a) Documentación xenérica:***

***a.1) Fotocopia do D.N.I.****/N.I.F./N.I.E. da persoa solicitante e, no seu caso, entidade ou da persoa representante formalmente nomeada. Cando se actúe mediante representación, esta atribución expresa acreditarase por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna.*

***a.2)*** *No caso de existir máis dunha persoa propietaria,* ***autorización delas a unha persoa propietaria para a xestión****, tramitación e cobro da subvención (Anexo VIII).*

***a.3)*** *No caso de que o solicitante sexa unha* ***comunidades de propietarios****, agrupacións de comunidades, agrupacións de persoas propietarias ou de sociedades cooperativas, presentarase ademais se procede:*

*- Copia do NIF da entidade.*

*- Documentación acreditativa da súa constitución.*

*- Documento acreditativo da representación con que se actúa.*

*- Xustificación da titularidade do edificio (inscrición no Rexistro da Propiedade).*

*- Acordo da entidade na que se autorice a execución das obras e a solicitude de subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.*

*- Relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local e cota de participación de cada vivenda e local sobre os elementos común do edificio, os compromisos de execución asumidos por cada membro, así como o importe da subvención a aplicar a cada un deles.*

***a.4) Documento acreditativo da titularidade do inmoble*** *ou da vivenda mediante contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de participación do legado hereditario, testamento ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmoble. No suposto de dereito de uso, deberase achegar autorización da persoa propietaria para a realización da obra.*

***a.5) No caso das comunidades*** *ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, achegarase copia da escritura da división horizontal inscrita no Rexistro da Propiedade.*

***a.6)*** *Nos supostos de* ***arrendamento,*** *se as obras son promovidas pola persoa inquilina, deberá presentar fotocopia do contrato de arrendamento e documento acreditativo abondo da titularidade do inmoble por parte da persoa propietaria arrendadora, en que se faga constar unha descrición destas e a autorización da persoa propietaria para realizadas, cando sexa esixible. Neste acordo*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 33

*deberá constar expresamente que entre as partes non existe parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade nin que son socias ou partícipes de ningunha entidade conxunta.*

***a.7) Se non existise comunidade de propietarios** legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todas as persoas copropietarias coa realización das obras e solicitude de subvención.*

*Cando as vivendas se encontren en réxime de copropiedade común ou comunidade de bens, a persoa solicitante deberá estar autorizada polos demais copropietarios. Cando a vivenda estivese baleira as persoas copropietarias ou comuneiras designarán a persoa solicitante por acordo entre elas.*

***a.8) Certificado acreditativo de discapacidade** das persoas partícipes nas obras e/ou das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, segundo o caso.*

***b) Documentación técnico-económica***

***b.1)** Para acceder ás axudas, o solicitante deberá contar cun **proxecto técnico ou memoria valorada** no que se describan as obras a executar e a súa valoración, cumprindo os requisitos marcados na normativa urbanística en vigor. O proxecto ou memoria deberá indicar os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar, achegando a documentación en formato papel ou dixital para o seu arquivo na Oficina de Rehabilitación. Deberase incluír a desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.*

*Para o caso de obras menores, poderá solicitar que a memoria sexa redactada pola Oficina Municipal de Rehabilitación nos termos definidos nas presentes bases e convocatoria.*

***b.2)** Cando resulte de aplicación, segundo o indicado no punto 4 do artigo 8º, copia das **tres ofertas** solicitadas e, en caso de non optar pola máis vantaxosa, documento xustificativo da diferente elección.*

***b.3)** Xustificación do **cumprimento da súa adecuación ao CTE** e demais normativa de aplicación e, para as actuacións de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas (artigo 36 do PEV 2018-2021), os correspondentes documentos xustificativos do seu cumprimento.*

***b.4) Comunicación previa** ou **licenza de obras** para a execución das obras ou solicitude das mesmas.*

***b.5) Copia do certificado de inicio de obras**, só no caso de obras iniciadas con anterioridade á data da solicitude de subvención (Anexo V).*

***c) Documentación acreditativa dos ingresos da unidade familiar.***

***c.1)** Para a determinación dos ingresos das persoas físicas beneficiarias e das súas unidades de convivencia partirase das contías da base impoñible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF, correspondente á **declaración ou declaracións presentadas no período impositivo inmediatamente anterior** ao momento da solicitude de axudas, unha vez vencido o prazo para presentar a declaración do tipo de imposto.*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 33

***c.2) Se non fixo a declaración do IRPF***, *deberá presentar un certificado da Axencia en que se exprese tal circunstancia e unha fotocopia do libro de familia. Nos casos en que non se poida presentar este certificado de ingresos, deberase presentar o certificado de retencións practicadas pola empresa, xunto coa vida laboral ou unha certificación da contía de pensión emitida polo organismo correspondente, cando se trate de xubilados ou pensionistas.*

***c.3)*** *Cando non se poida acreditar os ingresos mediante algún dos documentos referidos nos apartados anteriores, deberá presentarse unha* ***declaración responsable da contía dos ingresos percibidos*** *e da súa procedencia.*

***c.4) Certificado de convivencia da unidade familiar***, *sen prexuízo de poder autorizar ao Concello de Tui a obter os citados datos de convivencia.*

*A Oficina de Rehabilitación, poderá esixir a documentación que considere oportuna en cada caso para acreditar a veracidade de tal declaración.*

***d) Declaración responsable aos efectos de solicitar as axudas, segundo o indicado no Anexo IV.***

***d.1) Declaración*** *de que non obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.*

***d.2) Compromiso de comunicar*** *calquera outra subvención que lle sexa concedida para esa mesma finalidade, así como o seu importe.*

***d.3) Declaración*** *de que non se lle revogou algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.*

***d.4) Declaración de non atoparse inhabilitado****/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Tui, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

***d.5) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas*** *por reintegro de subvencións, incluíndo as municipais, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta declaración responsable deberá ser substituída por unha certificación administrativa expedida pola autoridade competente, unha vez concedida a subvención con carácter definitivo e antes de proceder ao pagamento correspondente. No caso das obrigas municipais que sexan atribuídas ao Concello de Tui, poderase autorizar ao Concello a obter os citados datos de referencia.*

*No caso de comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades, agrupacións de persoas propietarias ou de sociedades cooperativas deberán achegar a presente declaración e posterior achega da certificación administrativa por cada persoa propietaria.*

***e) Autorización para a utilización de fotografías, segundo o formulario - Anexo VII.***

*4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. En calquera momento, a Oficina de Rehabilitación poderá esixir a exhibición dos documentos orixinais para o seu cotexo coas copias presentadas, ben sexan simples ou electrónicas.*

*A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 33

*documentación que se acompañe, poderá comportar a denegación da subvención solicitada.*

*5. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.*

*6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.*

***Artigo 19. Competencia, tramitación e procedemento de adxudicación***

*1. Posto que o Concello de Tui ten o recoñecemento como entidade xestora do Programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural do PEV 2018-2021 a través da súa Oficina Municipal de Rehabilitación, ten a competencia para a formulación das presentes bases de convocatoria, tramitación e a proposta ao organismo autonómico IGVS para as cualificacións correspondentes.*

*A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.*

*2. Unha vez admitidas a trámite as solicitudes e tomando en consideración os datos achegados pola persoa solicitante validados na visita técnica realizada, os servizos técnicos da Oficina emitirán un informe de idoneidade ou non idoneidade das obras propostas cos obxectivos da convocatoria e de conformidade ou desconformidade co orzamento presentado.*

*3. En caso de desconformidade co orzamento presentado a solicitude non será rexeitada, pero á hora de resolver a petición de subvención terase en conta os datos consignados no informe emitido por ditos servizos técnicos.*

*4. O procedemento de adxudicación levarase a cabo en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o número e/ou a contía máxima das axudas concedidas, fixándose unha orde de prelación entre as solicitudes, atendendo á puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos seguintes criterios:*

***a)** Actuacións encamiñadas á **mellora do aforro e eficiencia enerxética, 40 puntos.***

***b)** Actuacións encamiñadas á **mellora da accesibilidade nos inmobles, 30 puntos.***

***c) Solicitantes con menor capacidade económica, 25 puntos.** Outorgarase 25 puntos ás unidades familiares con ingresos que non excedan de 1,5 veces o Indicador Público de Renda a Efectos Múltiples (IPREM). Para tal efecto defínense con ingresos familiares, a contía da base ou bases impoñibles dos imposto sobre a renda das persoas físicas de todos os membros da unidade familiar nos termos do artigo 82 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, ou de suxeito pasivo non integrado nesta, referido ao período inmediatamente anterior ao momento da solicitude das axudas, unha vez vencido o prazo para presentar a declaración do imposto*

***d) Interese de mellora da imaxe do Conxunto Histórico.** Darase preferencia a intervencións que melloren a imaxe dos edificios no conxunto histórico, cun máximo de **20 puntos**:*

*–**15 puntos** para actuacións de **mellora de fachadas**.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 33

*−**15 puntos** para actuacións de **mellora de carpinterías exteriores, empregando o uso de madeira.***

*−**5 puntos** para actuacións de mellora de cubertas.*

***e)** Actuacións **encamiñadas á mellora da seguridade estrutural empregando o uso de madeira** nas estruturas, **15 puntos.***

***f)** Obras en inmobles tendentes á **superación da realidade urbanística alterada,** segundo o reflectido no informe de visita técnica previa do estado actual de conservación, **10 puntos.***

***g)** Estar en disposición dos **títulos habilitantes** exixibles para o desenvolvemento dos traballos obxecto da axuda (comunicación, previa, licenza, ....) con data previa á xuntanza da Comisión Avaliadora, **10 puntos.***

*5. Aplicados os criterios para a elaboración do referido listado, en igualdade de puntuación darase preferencia ás persoas beneficiarias con dereito a protección preferente dos colectivos seguintes:*

- *Persoas que acceden por primeira vez á vivenda.*
- *Xóvenes menores de 35 anos.*
- *Persoas maiores de 65 años.*
- *Mulleres vítimas da violencia de xénero.*
- *Vítimas do terrorismo.*
- *Familias numerosas*
- *Afectados por situacións catastróficas.*
- *Familias monoparentais con fillos.*
- *Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida, e as familias que as teñan ó seu cargo.*
- *Persoas separadas ou divorciadas, ó corrente do pago de pensións alimenticias e compensatorias, no seu caso.*
- *Persoas sen fogar ou procedentes de operacións de erradicación do chabolismo.*
- *Outros colectivos en situación ou risco de exclusión social determinados pola Comunidade Autónoma.*

***Artigo 20. Valoración das solicitudes***

*1. A unidade administrativa municipal encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nas presentes bases. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo de dez (10) días hábiles, corrixa a falla ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non se fixese así, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.*

*2. Concluído o trámite de audiencia e revisados os expedientes, formularanse as propostas de aprobación provisional, para o cal o persoal técnico da oficina municipal de rehabilitación da área haberá de emitir o informe correspondente.*

*3. A valoración das solicitudes realizarase por unha Comisión Avaliadora constituída para o efecto polo/a concelleiro/a responsable da ARI, da persoa técnica responsable da Oficina de Rehabilitación, e unha*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 33

**EXCMO. CONCELLO DE TUI**
Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui
Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

*persoa técnica do departamento de urbanismo e o técnico de administración xeral do mesmo departamento, que actuará como relator/a da Comisión.*

*No suposto de que o crédito orzamentario previsto en cada convocatoria fose superior á suma das subvencións admitidas, a comisión limitarase a facer constar esta circunstancia por escrito, sen avaliar as solicitudes, por existir crédito suficiente para atender a todas.*

***Artigo 21. Aprobación municipal das axudas***

*1. Tendo en conta a proposta de resolución da comisión, de acordo sinalado nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local, e artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local e previa delegación de este, acordarán a resolución provisional da axudas.*

*2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de cinco (5) meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada por silencio administrativo.*

*3. A resolución ou acordo de aprobación provisional notificarase ás persoas interesadas na forma establecida no artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.*

***Artigo 22. Aceptación ou renuncia***

*1. Sen prexuízo dos recursos que procedan, notificada a resolución polo órgano competente, as persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días, contados dende a súa notificación para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se teña producido manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.*

*2. A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia de acordo co disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, ou a través do impreso normalizado (Anexo IX). En todo caso, a renuncia á subvención requirirá o acordo das persoas e/ou entidades propietarias, segundo corresponda.*

***Artigo 23. Cualificación provisional***

*1. O Concello remitiralle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a proposta de cualificación provisional que conterá a identificación da persoa e/ou entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do PEV 2018- 2021, referida tanto ás actuacións, como ás persoas ou entidades beneficiarias, para que esta emita a correspondente cualificación provisional e o que considere oportuno.*

*Nesta cualificación provisional farase constar:*

- *Identificación da persoa solicitante.*
- *Tipo de actuación.*
- *Orzamento protexido*
- *Prazo de execución*
- *Subvención máxima a conceder*

*No caso de que o IGVS rexeitase algunha das actuacións remitidos polo Concello, procederase a elevar nova proposta a favor da persoa solicitante seguinte por orde de puntuación da listaxe de reserva.*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 33

*2. A resolución ou acordo de aprobación inicial notificarase aos interesados na forma establecida no artigo 40 da 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

***Artigo 24. Modificación e variación***

*1. Toda alteración das condicións consideradas para a concesión dunha subvención e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións ou entidades públicas ou privadas para a mesma actividade, poderá dar lugar á modificación da concesión ou, no seu caso, á anulación desta.*

*2. As persoas beneficiarias queda obrigadas a comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento da actividade subvencionada, co fin de que, se se estima da suficiente importancia, poida procederse á modificación tanto do contido e contía do programa subvencionado, como da súa forma e prazos de execución e xustificación dos correspondentes gastos. Estas solicitudes de modificación deberán estar suficientemente motivadas e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen e, en todo caso, con anterioridade ao momento en que finalice o prazo de execución da actividade subvencionada.*

***Artigo 25. Contratación das obras***

*1. As persoas solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.*

*2. Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.*

***Artigo 26. Inicio das obras***

*1. A persoa solicitante promotora das obras comunicaralle formalmente mediante impreso normalizado (Anexo V) á oficina municipal de rehabilitación a data do comezo das obras e o prazo de execución das mesmas. No caso de que a obra conte con dirección facultativa xuntarase certificado de inicio das obras.*

*2. O inicio de obras, implica que se dispoña da licencia urbanística ou comunicación previa, achegando copia da notificación no caso que non se achegara previamente.*

***Artigo 27. Execución das obras***

*1. As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas (cualificación provisional) e de conformidade nos acordos da comisión bilateral asinada. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demanda a persoa solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder da metade do tempo prescrito para o prazo orixinal, de conformidade ao artigo 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.*

*2. A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas inicialmente concedidas.*

*3. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas e para a obtención da preceptiva licenza municipal ou para o sometemento ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza ou, de ser o caso, someterse ao réxime de*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 33

*intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.*

*4. A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.*

*5. Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das actuacións, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre a persoa solicitante das axudas, a Oficina de Rehabilitación e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación coa Oficina de rehabilitación.*

*6. A dirección facultativa, no caso de tratarse de persoal externo á Oficina, informará á Oficina de Rehabilitación cando esta o requira sobre a marcha dos traballos encomendados, nun prazo non superior a dez (10) días. Levarase a cabo en todo caso unha reunión de xestión de obra na que deberán comparecer, salvo causa xustificada, o Director de Obra, o Director de Execución de Obra e o Coordinador de Seguridade e Saúde, se procede.*

***Artigo 28. Remate das obras***

*1. A persoa solicitante das axudas, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, deberá comunicarlle ao Concello o remate destas mediante a presentación de modelo normalizado de comunicación de final de obras (Anexo VI), acompañado da documentación que consta nel:*

> ***a) Comunicación do inicio das obras*** *segundo o modelo normalizado (Anexo V), no caso de que non se presentase con anterioridade.*
>
> ***b) Orzamento de execución definitivo****, asinado polas partes, no caso de que non se presentase con anterioridade.*
>
> ***c) Certificación bancaria*** *do número de conta ao seu nome.*
>
> ***d) Certificacións*** *de non ter débedas que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, debendo achegar ditas certificacións de todas as persoas propietarias do inmoble.*
>
> ***e) Fotografías*** *que reflexen as obras realizadas.*
>
> ***f) Facturas*** *polo importe das obras executadas.*
>
> ***g) Xustificación de pagamento.*** *Transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, nos que deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como o documento xustificativo de gasto obxecto do dito pagamento.*
>
> ***h) Licenza e/ou comunicación previa*** *para as obras executadas (para o caso de non tela presentado con anterioridade).*
>
> ***i) Certificado final de obra*** *(de ser o caso) asinado polo técnico/a competente.*
>
> ***j)*** *De ser o caso* ***licenza de primeira ocupación*** *ou solicitude da mesma. No caso de presentar solicitude de primeira ocupación o pagamento da axuda condicionarase á obtención da mesma.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 33

***k) Fotografía en cor da fachada do edificio coa inclusión do cartel exterior*** *coa imaxe corporativa do Plan de Vivenda e do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Concello de Tui.*

***l) Volante de empadroamento****, sen prexuízo de poder autorizar ao Concello de Tui a obter os citados datos de residencia.*

***m) Contrato de arrendamento****, de ser o caso.*

***n) Declaración xurada*** *de si solicitaron e/ou recibiron ou non, subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actuación ou proxecto para o que se solicita subvención.*

***ñ) No caso das actuacións da mellora da eficiencia enerxética*** *e sustentabilidade en vivendas:*

*- Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez realizadas as actuacións en que se acredite a redución da demanda ou de consumo, emitido por técnico competente.*

*- Acta de medición que acredite a mellora das condicións de protección fronte ao ruído, se non se xustifica previamente mediante as opcións recollidas no documento básico de protección fronte ao ruído do CTE.*

*- Acta de medición da situación unha vez finalizadas as obras, que acredite o cumprimento da redución de forma efectiva da concentración da media anual do radon no interior da vivenda, de non utilizar as solucións que recolla o documento básico de salubridade protección fronte ao radón do CTE.*

*2. Finalizadas as obras tramitarase a aprobación definitiva da axuda logo da presentación do final de obra redactado por persoal técnico competente. Deberá achegar a documentación redactada polo seu técnico/a director/a así como estipulada na convocatoria correspondente.*

*3. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindíbel para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.*

***Artigo 29. Aprobación e cualificación definitiva. Pago das axudas***

*1. As persoas ou entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na cualificación provisional, comunicarán o seu remate ó Concello.*

*2. O persoal da Oficina de Rehabilitación redactará o informe de final de obra no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións a que estean sometidas as actuacións.*

*No suposto de informe desfavorable procederase á apertura dun trámite de audiencia a favor da persoa interesada por un prazo non inferior a dez (10) días nin superior a quince (15) días, segundo artigo 82º da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, a fin de que este compareza no expediente e alegue canto no seu dereito proceda. Transcorrido o devandito prazo procederase á resolución definitiva que corresponda tralo informe do/a técnico/a municipal competente na materia.*

*3. A continuación, a Oficina de Rehabilitación elevará os expedientes cos informes oportunos ao órgano municipal correspondente, para que resolva sobre a aprobación definitiva das axudas e formule proposta da cualificación definitiva.*



Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 33

*4. O Concello trasladaralle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en concreto á área provincial do IGVS de Pontevedra, a proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se vaia aboar xunto coa certificación do concello do cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, da Resolución do IGVS, de 3 de agosto de 2018 (DOG nº 156) e Resolución do 31 de maio de 2019 (DOG nº 108), e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como á persoa e/ou entidade beneficiaria.*

*5. A xefatura territorial do IGVS correspondente, logo das comprobacións que considere oportunas, resolverá sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible.*

*6. Unha vez concedida a correspondente cualificación definitiva por parte do IGVS e acreditado o cumprimento das condicións indicadas na aprobación provisional, formularase a proposta de pagamento. O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente. Seguidamente, procederase ao pagamento da axuda concedida.*

***Artigo 30. Causas de denegación e perda das axudas***

*As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:*

*a) Non reunir as condicións esixidas por estas bases e convocatoria, relativas ás persoas solicitantes ou aos inmóbeis para rehabilitar.*

*b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin amparadas por licenza urbanística, ou de ser o caso, non sometidas ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.*

*c) A grave incorrección técnico-construtiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.*

*d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade e seguridade a respecto do estado previo do inmóbel.*

*e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.*

*f) Iniciar as obras sen autorización da Oficina de Rehabilitación.*

*g) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.*

*h) Incumprir calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS, do 3 de agosto de 2018 (DOG nº 156) e na Resolución do IGVS, do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a resolución do 3 de agosto de 2018 (DOG nº 108), e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.*

*i) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras ao persoal técnico da Oficina de Rehabilitación ou os adscritos ao programa por parte do promotor ou do contratista ou da propiedade.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 33

**EXCMO. CONCELLO DE TUI**
Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui
Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

***Artigo 31. Reintegro das subvencións***

*Ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, serán causas de reintegro as seguintes:*

*1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida con xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25%, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo a Lei de orzamento do Estado estableza outro diferente.*

*2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se estabelecen nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.*

*3. Por infracción urbanística: A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.*

*4. Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva licenza, ou estar amparadas pola correspondente comunicación previa, no prazo de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas.*

***Artigo 32. Compatibilidade das axudas***

*1. De conformidade co establecido no ordinal décimo noveno da Resolución do IGVS, do 3 agosto de 2018 (DOG nº 156), as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.*

*2. Non obstante, non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas ou entidades beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.*

## ***DISPOSICIÓNS ADICIONAIS***

***PRIMEIRA. Normativa de aplicación.***

*Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación específica a seguinte normativa:*

*- **Ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui**, aprobada definitivamente no BOP de Pontevedra nº 199 do 15 de outubro de 2021.*

*– **Lei 38/2003**, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*– **Real decreto 887/2006,** do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*– **Lei 9/2007,** do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*– **Real decreto 106/2018,** do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 33

– ***Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda****, de 31 de xullo de 2018, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

– ***Resolución do IGVS,*** *do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (publicada no DOG 156, do venres 17 de agosto de 2018).*

- ***Resolución do IGVS****, do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018–2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, e pola que se convoca a participación neste programa para a anualidade 2019*

– ***Acordo da comisión bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018*** *entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Xunta de Galicia e Concello de Tui.*

- ***Addenda para a modificación do Acordo da comisión bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018*** *entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Xunta de Galicia e Concello de Tui,* ***asinada o 13 de marzo de 2025.***

*Ademais será de aplicación:*

– ***Lei 8/2012****, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.*

– ***Decreto 18/2014****, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*

– ***Lei 39/2015****, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

– ***Lei orgánica 3/2018****, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

– ***Lei 8/2013****, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.*

– ***Real decreto lexislativo 7/2015,*** *do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.*

*– Calquera outra normativa concordante que resulte de aplicación.*

## ***DISPOSICIÓN FINAL***

*Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación dun extracto das mesmas no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Estarán a disposición das persoas interesadas, xunto aos modelos de solicitude, na BDNS, na páxina web tui.gal e no taboleiro de información. “*

Cod. Validación: 3GTE7L4JX6P7NG53M376RHS5R
Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 33

**EXCMO. CONCELLO DE TUI**
Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui
Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

*ANEXO I*

**SOLICITUDE DE INFORMACIÓN E VISITA TÉCNICA DE INSPECCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI**

**1. DATOS PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:
DNI/NIF/NIE:
TIPO DE VÍA: NOME DA VÍA: NÚMERO: BLOQUE: ANDAR: PORTA:
C.P: LOCALIDADE: PROVINCIA:
TELÉFONO: EMAIL:

**2. DATOS REPRESENTANTE** (debe achegar documentación acreditativa da presentación)

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:
DNI/NIF/NIE:

**3. NOTIFICACIÓNS**

Notifíquese a: ☐ Persoa ou entidade solicitante/comunicante/declarante ☐ Persoa ou entidade representante
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:
TELÉFONO MÓBIL: CORREO ELECTRÓNICO:

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.
☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)
TIPO DE VÍA: NOME DA VÍA: NÚMERO: BLOQUE: ANDAR: PORTA:
C.P: LOCALIDADE: PROVINCIA:
TELÉFONO: EMAIL:

**EXPÓN:**
Que en calidade de (solicitante/representante) ________________________ da (vivenda/edificio/local) ___________________ sito en (enderezo da obra) __________________________ con referencia catastral nº______________________________________ de Tui,

**Ten intención de solicitar axudas económicas que a Oficina de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui promova para a ARI de Tui.**

Por todo isto, **SOLICITA**:

Que por parte da Oficina Técnica de Rehabilitación da ARI de Tui se realice a visita de inspección previa á solicitude oficial de axudas económicas, co fin de comprobar o estado do inmoble e asesorar sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do mesmo.

ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

☐ Copia do NIF/NIE do solicitante ou representante
Outros documentos ____________________________________________________________________________________

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data
Tui, a de de 20

***CONCELLO DE TUI***
